



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### As Bases da Avaliación Ambiental Estratéxica

Materia	As Bases da Avaliación Ambiental Estratéxica			
Código	V03M019V01107			
Titulación	Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	2	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dpto. Externo Xeociencias mariñas e ordenación do territorio			
Coordinador/a	Mendez Martinez, Gonzalo			
Profesorado	Cantano Boyano, Alis Mendez Martinez, Gonzalo Vázquez Pumariño, Xavier			
Correo-e	mendez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A Lei de Avaliación Ambiental Estratéxica establece a obriga de realizar unha avaliación medioambiental dos Plans e Programas das Administracións Públicas, durante o proceso de preparación e adopción dos mesmos, de xeito anterior á súa aprobación. A Lei responde ás esixencias establecidas pola normativa europea e transpón a Directiva 2001/42/CE referente á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.</p> <p>O obxectivo da Lei 9/2006 é "promover un desenvolvemento sostible, acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, mediante a realización dunha avaliación ambiental daqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente".</p> <p>Para o desenvolvemento da Avaliación Ambiental Estratéxica, a administración responsable de avaliar o Plan ou Programa deberá previamente elaborar o Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) de dito plan ou programa, que inclúe tódala información necesaria sobre cales son os impactos sobre o medio ambiente, como se solucionan e que opcións ou alternativas son as mellores ambientalmente para acadar os obxectivos do Plan.</p> <p>O Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) e o Plan, na súa redacción inicial ou provisional, pasan por un proceso de consulta pública, que incluírá así mesmo consultas transfronteirizas con outros países no caso de que poideran ser afectados polos plans que se elaborarán en España, para seren aprobados finalmente, no seu caso, pola autoridade competente.</p> <p>Esta materia proporcionará ao alumno as bases necesarias para comprender os requisitos e o obxectivo da Avaliación Ambiental Estratéxica.</p>			

## Competencias de titulación

Código	
A5	Coñecer e saber aplicar a lexislación nacional e internacional adicada á protección do medio ambiente.
A14	Elaborar un informe de sostenibilidade ambiental.
A15	Elaborar unha memoria ambiental.
B1	Identificar as fontes de información relevantes na materia.
B2	Saber analizar e sintetizar a información.
B4	Ser capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade e formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúe reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B8	Desenvolver unha actitude de sensibilidade cara temas medioambientais.

<b>Competencias de materia</b>		
Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aplicar os procedementos legais mediante os que se tenta previr ou corrir os efectos ambientais de determinados plans e programas, introducindo criterios ambientais nas fases de toma de decisións anteriores ás de proxecto.	saber facer	A5
Acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas.	Saber estar / ser	B8
Elaborar un informe de sostibilidade ambiental coa amplitude, nivel de detalle e grao de especificación determinado polo órgano ambiental.	desaber facer	A14
Celebrar as consultas pertinentes.	saber facer	B1
Elaborar unha memoria ambiental.	saber facer	A15
Avaliar criticamente o informe de sostibilidade ambiental, o resultado das consultas e a memoria ambiental.	saber facer	B4
Entender a información sobre a aprobación do plan ou programa.	saber	B2

<b>Contidos</b>	
Tema	
BLOQUE 1: MARCO CONCEPTUAL DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.	1.1. A avaliación ambiental estratéxica. 1.2. Antecedentes. 1.3. Marco conceptual da AAE. 1.4. Procedemento da AAE.
BLOQUE 2: MARCO LEGAL E INSTITUCIONAL.	2.1. Nivel da UE. 2.2. Nivel español: a lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. 2.3. Nivel autonómico. 2.4. Avaliacións transfronteirizas.
BLOQUE 3: A PLANIFICACIÓN.	3.1. Concepto de planificación. 3.2. Tipos de planificación. 3.3. Fases da planificación. 3.4. Instrumentos e procedementos de planificación: políticas, plans, programas e proxectos.
BLOQUE 4: DOCUMENTOS DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.	4.1. Documento de inicio. 4.2. Documento de referencia. 4.3. Informe de sostibilidade ambiental. 4.4. Memoria ambiental.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	6	15	21
Estudo de casos/análises de situacións	4	13	17
Probas de tipo test	1	11	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices.
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse supostos prácticos sobre información facilitada polo profesorado e o alumno deberá resolver os diferentes casos coa axuda dos profesores.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Os profesores que imparten a materia, así como o coordinador da mesma, estarán a disposición do alumno, tanto por vía telemática (e-mail) como telefonicamente. Ademais, durante o periodo lectivo da materia os alumnos poderán concertar reunións tanto cos profesores como co coordinador para abordar calquer aspecto da materia.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación activa.	10

Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse supostos prácticos sobre información facilitada polo profesorado e o alumno deberá resolver un caso práctico que será avaliado.	60
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

En caso de que algún alumno suspenda, terá opción de desenvolver unha segunda proba (exame tipo test e caso práctico).

### **Bibliografía. Fontes de información**

- DIRECTIVA 2001/42/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO RELATIVA A LA EVALUACIÓN DE LOS EFECTOS DE, <http://www.siam-cma.org/lexislacion/doc.asp?id=81>,
- GÓMEZ OREA, D., **Evaluación Ambiental Estratégica. Un Instrumento para Integrar el Medio Ambiente en la Elaboración de Planes y Programas.**, 2007,
- LEY 9/2006, DE 28 DE ABRIL, SOBRE EVALUACIÓN DE LOS EFECTOS DE DETERMINADOS PLANES Y PROGRAMAS EN EL, <http://www.siam-cma.org/lexislacion/doc.asp?id=1072>,
- ENVIRONMENTAL PROTECTION DEPARTMENT. THE GOVERNMENT OF HONG KONG SPECIAL ADMINISTRATIVE REGION. HONG, [http://www.epd.gov.hk/epd/english/environmentinhk/eia\\_planning/sea/hksea\\_manual.html](http://www.epd.gov.hk/epd/english/environmentinhk/eia_planning/sea/hksea_manual.html),
- ONATE, J.; PEREIRA, D.; SURÁREZ, F.; RODRÍGUEZ, J.J. y CACHÓN, J., **Evaluación Ambiental Estratégica. La Evaluación Ambiental de Políticas, Planes y Programas.**, 2002,
- RED DE AUTORIDADES AMBIENTALES.Evaluación ambiental de la programación 2007-2013., [http://www.mma.es/secciones/raa/programacion\\_raa/e](http://www.mma.es/secciones/raa/programacion_raa/e), 2004,
- RED DE AUTORIDADES AMBIENTALES.Evaluación ambiental estratégica de la programación 2007-2013 del Fon, [http://www.mma.es/secciones/raa/programacion\\_raa/e](http://www.mma.es/secciones/raa/programacion_raa/e), 2006,
- THE CITIES ALLIANCE. ICLEI.Liveable Cities. The Benefits of Urban Environmental Planning., [http://www.unep.org/urban\\_environment/PDFs/Liveabl](http://www.unep.org/urban_environment/PDFs/Liveabl), 2007,
- UNIÓN MUNDIAL PARA LA NATURALEZA. OFICINA REGIONAL PARA MESOAMÉRICA.Evaluación Ambiental Estratégica, <http://www.eia-centroamerica.org/archivos-de-usuar>, 2003,
- UNITED NATIONS ECONOMIC COMMISSION FOR EUROPE.Protocol on Strategic Environmental Assessment to the, <http://www.unece.org/env/eia/documents/legaltexts/>, 2003,
- XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.Documento explicativo da, <http://aae.medioambiente.xunta.es/aea/pdf/AAE.pdf>,
- XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.Procedemento de Avaliación, <http://aae.medioambiente.xunta.es/aea/pdf/Procedem>,
- XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.Documento marco de refere, <http://aae.medioambiente.xunta.es/aea/pdf/MarcoRef>, 2007,
- XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.Modelo para acompañar á c, <http://aae.medioambiente.xunta.es/aea/pdf/ModeloAA>,
- XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.Especificacións técnicas, <http://aae.medioambiente.xunta.es/aea/pdf/especTec>,

Nesta lista atópanse as referencias bibliográficas, tanto básicas coma complementarias. As básicas as forman os seguintes documentos:

DIRECTIVA 2001/42/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO RELATIVA A LA EVALUACIÓN DE LOS EFECTOS DE DETERMINADOS PLANES Y PROGRAMAS EN EL MEDIO AMBIENTE; GÓMEZ (2007) e LEI 9/2006, DE 28 DE ABRIL, SOBRE EVALUACIÓN DE LOS EFECTOS DE DETERMINADOS PLANES Y PROGRAMAS EN EL MEDIO AMBIENTE.

Esta bibliografía básica pódese atopar na páxina web da materia.

### **Recomendacións**